

Paco

Anxo Tarrío Varela

Moi eufórico andaba o persoal o sábado pasado na terceira edición da cea que se celebra anualmente no Palacio de Congresos e Exposicións de San Lázaro, onde se reúne un amplo abano da vida cultural, científica, empresarial, política e profesional galega e onde se desvela o nome da persoa merecente do Premio das Letras e das Artes de Galicia.

E andaba moi eufórico todo o persoal porque unha vez máis (antes foran Antón Fraguas e Filgueira Valverde) recaeu o preciado galardón nunha persoa de mérito sobrado que leva dende a súa adolescencia ata os gloriosos oitenta e catro anos que amosa hoxe traballando ininterrompidamente a prol de Galicia.

Seguramente estes días aparecerá o seu currículo bibliográfico e activista mil veces repetido en publicacións do máis heteroxéneo, polo que vou aforrar ao paciente lector desta columna ter que percorrer coa mirada, unha vez máis, a enorme relación de títulos de libros e de traballos con que Paco del Riego enriqueceu o panorama das letras dende que tivo uso de razón galega. Soamente recordarlle que estamos diante dunha desas personalidades incansábeis, decote entusiastas das súas conviccións.

Na breve alocución da noite do sábado con que o homenaxeado agradeceu o recoñecemento que se lle facía, Paco del Riego arrincou dicindo que se sentía orgulloso de levar sesenta e seis anos de coherencia no servizo continuado a Galicia. El ten boa memoria e de seguro non faría falta contrastar os datos para saber que di verdade. Non obstante, quen isto subscribe foi ver as fontes onde se podería comprobar que o dito polo noso amigo non foi produto de ningún farol de circunstancias. Efectivamente, sen moito remexer na miña biblioteca, atopo na Revista *A Nosa Terra* un artigo de opinión titulado "Ao comenazar o ano", asinado no mes de nadal de 1931 por Francisco F. del Riego, onde aquel neno de dezaioito anos se pronunciaba xa con grande maturidade sobre o ser e o deber ser da política galeguista do futuro. E se contamos ben, efectivamente, van alá sesenta e seis anos.

Dende entón, aparece frecuentemente o seu nome en toda canta publicación galeguista nace á luz, dentro e fóra de Galicia. Consúltese, se non, por exemplo, o número de decembro de 1932 da revista *A Fouce*, de Buenos Aires, na que o noso polígrafo, con dezanove anos, reflexionaba sobre a Universidade compostelá e a necesidade da súa galeguización. Ou o número 1 de *Alento* (1934), no que o mozo recorda o décimo aniversario da "Triple

Alianza" entre cataláns, vascos e galegos. Mírese o número 1 (novembro, 1935) da revista *Guieiro*, "Outavoz da Federación de Mocidades Galeguistas", onde se glosa un discurso do magnífico "ourador" Fco. F. del Riego. En fin, o premiado a noite do sábado non esaxerou cando falou de sesenta e seis anos ao servizo de Galicia.

Pero ademais, invito o lector a rastrexar o seu nome e os seus pseudónimos (Cosme Barreiro, Salvador Lorenzana, Lorenzo Salvador, etc.) por xornais, revistas e publicación do máis varipinto, tanto antigas coma de agora mesmo, de por aquí e de por alá: *Nós* (1920- 1936), *Vieiros* (1959-1968), de México, *Galicia emigrante* (1954-59), de Buenos Aires, *Boletín Galego de Literatura* (1989 en adiante), da Universidade de Santiago, vespertino *La Noche*, de Santiago, e un longuísimo etcétera, sen esquecer que estivo á fronte da revista *Grial*, de imprescindible consulta, durante vintecinco anos (1963-1988).

Se na Inglaterra houbo un William, xa se sabe de quen falamos; se en Francia houbo un Honoré, tamén sabemos de que vai; se en España se nomea un Ramón, *idem de lienzo*... Cando en Galicia se fala de Paco, velaí está detrás Francisco Fernández del Riego, irrepetíbel Paco. E que sexa por moitos anos.

*El Correo Gallego*, 1998